

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 24 DE XANEIRO DE 2024**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2024/00003311E.**

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00030515K.**

Adxudicación do contrato “Subministración de uniformidade para a Policía Local” a SAGRES SL. |

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto a Subministración de uniformidade para a Policía Local a SAGRES, SL, que presenta unha proposición económica de 200.000,00 € (base imponible de 165.289,26 € máis IVE do 21% polo importe de 34.710,74 €).

Segundo: reaxustar, autorizar e comprometer un gasto por importe de 200.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 2210400 do exercicio corrente de 2024.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00034610E.**

Autorización da ampliación do prazo de execución das Obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020 solicitada pola empresa adxudicataria EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A |

Acórdase autorizar a ampliación do prazo de execución das Obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020 solicitada pola empresa adxudicataria EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., en 2 meses (40 días laborais), dos que 1 mes (20 laborais) se amplían ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP. Esta ampliación do prazo autorízase sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00018095K.**

Autorización da ampliación do prazo de execución das obras de execución do proxecto de “Senda peonil Rúa da Medorra” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + 2022 da Deputación Provincial da Coruña, solicitada pola empresa Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA S.L.) |

Acórdase autorizar a ampliación do prazo de execución das obras de execución do proxecto de “Senda peonil Rúa da Medorra” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + 2022 da Deputación Provincial da Coruña, solicitada pola empresa Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA S.L.), ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP, en 50 días naturais, establecendo como nova data límite de fin de prazo o 22 de marzo de

2023, porque non se aprecian motivos imputables ao contratista no retraso da execución das obras, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto da responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00009738Z.**

Autorización e compromiso de gasto para o contrato do Servizo de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU. |

Acórdase:

Primeiro: rectificar o Acordo da Xunta de Goberno Local de Adxudicación do contrato de data 11/12/2023, na parte dispositiva segunda un erro na desagregación do importe de adxudicación, de xeito que onde dicía:

“Segundo: Adxudicarlle, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa, a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU o contrato que ten por obxecto o Servizo de Voz e Datos para o Concello de Santiago de Compostela. A UTE presenta unha proposición económica de 956.345,28 € (base impoñible 165.977,28 € máis IVE do 21% 790.368,00 €).

Debe dicir:

Segundo: adxudicarlle, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa, a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU, o contrato que ten por obxecto o Servizo de Voz e Datos para o Concello de Santiago de Compostela. A UTE presenta unha proposición económica de 956.345,28 € (base impoñible 790.368,00 € máis IVE do 21% 165.977,28 €).

Segundo: autorizar e comprometer o gasto por importe de 956.345,28 € (base impoñible 790.368,00 € máis IVE do 21% 165.977,28 €) con cargo aplicación orzamentaria 030 92001 2220000 coa seguinte desagregación por anualidades para execución deste contrato:

2024	239.086,32 €
2025	239.086,32 €
2026	239.086,32 €
2027	239.086,32 €
Total	956.345,28 €

6. EDUCACIÓN. Referencia: **2024/00002027A.**

Aprobación dos procedementos e apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2024-2025. |

Acórdase aprobar os procedementos e apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2024-2025, nos termos establecidos nas consideracións precedentes.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2024/00000111L.**

Proposta de aprobación das bases do concurso do martes de Entroido 2024 |

Acórdase:

1. Aprobar as Bases para o desfile-concurso de Entroido do Concello de Santiago de Compostela.
2. Autorizar o gasto de 13.900 euros con cargo a aplicación orzamentaria 070 33800 48901 da Concellería de Festas.